

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30 DE NOVEMBRO DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a trinta de novembro de dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. José Angel Vieiro Amor
D. Yago Lage Caramelo (voceiro)

Concelleira non adscrita

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2017.
2. DAR CONTA DAS ACTAS DAS SESIÓNS DOS DIAS 10 DE MARZO E 3 DE XULLO DE 2017, DO CONSORCIO DAS MARIÑAS.
3. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -3º TRIMESTRE 2017-
4. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017.
5. DECLARACION INSTITUCIONAL POLA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

6. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.
7. MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE A INMEDIATA ACTUACIÓN EN MATERIA DE FACENDAS LOCAIS E FUNCIÓN PÚBLICA. ACORDOS QUE PROCEDAN.
8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.
9. ASUNTOS URXENTES.
10. ROGOS E PREGUNTAS.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2017.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de outubro, través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a dita acta.

O Sr. concelleiro de Anova, Juan Fariña, manifesta que na páxina 28 no primeiro parágrafo da súa intervención, onde dí "... *instrución política que ten decidido e que el...*"; **debe dicir** "... instrución política que ten **recibido** e que el..."

Subsanado o erro na forma indicada, e non formulándose mais observacións, por unanimidade de votos a favor (trece), apróbase a referida acta.

2. DAR CONTA DAS ACTAS DAS SESIÓNS DOS DIAS 10 DE MARZO E 3 DE XULLO DE 2017, DO CONSORCIO DAS MARIÑAS.

Dáse conta aos/ás asistentes das actas indicadas neste punto da Orde do día, que foron remitidas por correo electrónico aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno quedan enterado.

3. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -3º TRIMESTRE 2017-.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

4. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

5. DECLARACION INSTITUCIONAL POLA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 23 de novembro de 2017, que transcrita literalmente di:

<<A Federación Española de Municipios e Provincias súmase, como vén facendo todos os anos, á conmemoración con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, reiterando o seu compromiso na erradicación de todas e cada unha das formas de violencia de xénero existentes, así como apoiando e impulsando medidas que promovan a súa eliminación.

A violencia de xénero constitúe a maior vulneración de dereitos e liberdades básicas, está en contra dos principios de igualdade, seguridade, liberdade, integridade e dignidade que son inherentes a todos os seres humanos; ten consecuencias demoledoras para a sociedade e está tan arraigada a ela que xa é un feito estrutural polo que a súa eliminación ha de ser unha tarefa que compete a toda a sociedade e que esixe que todos os poderes políticos, forzas sociais e individuos, traballen unidos para alcanzar a súa total erradicación.

A evidencia desta secuela e a presión social han feito que a violencia contra as mulleres sexa recoñecida como Asunto de Estado.

Hai un ano que o Congreso dos Deputados aprobou unha Proposición Non de Lei pola que se instaba ao Goberno para promover a subscrición dun Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, un gran paso que ansía dar resposta real ás necesidades actuais do sistema de prevención e abordaxe da violencia machista.

O debate para o Pacto implantado no Congreso, no Senado e no Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller supuxo un espazo de análise, intercambio e deliberación entre o sector social e as administracións públicas, no que as Corporacións Locais, a través da FEMP, ofreceron un apoio fundamental en materia de gobernanza local sobre Violencia de Xénero. A súa subscrición garante a xeración das alianzas necesarias para a abordaxe eficaz desta secuela.

Por todo o anterior, os Concellos, Deputacións, Cabidos e Concellos Insulares adheridos á FEMP reafirmamos o noso compromiso para seguir impulsando políticas que garantan os dereitos das mulleres e dos menores co obxectivo de conseguir unha sociedade libre de medo e para iso:

Convidamos a todas as Entidades Locais a adherirse a esta Declaración e sumámonos a todas as voces que claman polo fin da violencia de xénero, barreira infranqueable no camiño cara a unha sociedade na que homes e mulleres vivan en liberdade e igualdade.

Reivindicamos a necesidade de dotar ás Entidades Locais das competencias nesta materia así como de suficientes medios e recursos para, en colaboración co Goberno e as CCAA, asegurar a asistencia adecuada, suficiente e necesaria para garantir a recuperación de todas as vítimas de violencia de xénero en todos os nosos pobos e cidades.

Recoñecemos a importancia de traballar na erradicación das actitudes e os comportamentos cotiáns que, instalados na vida diaria, reproducen e perpetúan a desigualdade, orixe da violencia de xénero.

Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos fundamentais da infancia e resaltamos a nosa preocupación polo índice en aumento de menores asasinados a mans dos seus pais como instrumento de control e de poder sobre as mulleres.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

Debemos seguir promovendo e apoiado medidas para a prevención e a detección, así como de sensibilización de toda a poboación. Traballar en medidas desde marcos de actuación integrais, onde a transversalidade sexa un feito que impregne cada ámbito laboral de atención e protección das mulleres e menores vítimas de violencia de xénero.

Bergondo, 20 de novembro de 2017>>

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: a proposta que se trae como declaración institucional neste caso, é a Declaración decidida pola Federación Española de Municipios, como se di; non sei se queren engadir algo mais os voceiros, neste caso o importante é que o subscrito nese Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se leve a cabo.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sr. voceiro do PP: dende o Partido Popular de Bergondo queremos amosar o noso firme compromiso coa erradicación de calquera tipo de discriminación que permita que esta violencia persista na nosa sociedade, e queremos celebrar que se aprobara o primeiro Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, ante a necesidade urxente dun consenso institucional, político e social que mostre sen fisuras o compromiso de todas as institucións coa sociedade española, para alcanzar os acordos que permiten avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.

A modo de suxerencia, se me permite, gustaríanos que se desenvolveran campañas de dinamización e sensibilización no noso concello en colaboración cos comercios locais, xa sexa mediante a colocación de dípticos ou carteis.

Sra. alcaldesa: xa se ten feito, señor concelleiro.

Sr. voceiro de VB: reiterar que todos somos iguais, que non debemos de consentir ningún a violencia sobre ningún, en ningún dos termos. E si que me gustaría que ao igual que estes días se pasaba por Sada, por Betanzos, por Cambre, todos os concellos estaban cheos de carteis, nos comercios, nos sitios onde a xente adoita pasar, paradas de autobuses..., gustaríame que o próximo ano o noso concello tamén se sumara a ese tipo de divulgación, porque as veces unha palabra nunha esquina fai mais que ás veces as palabras que dicimos os políticos.

Sra. alcaldesa: niso lle dou toda a razón, pero neste caso as condicións do noso concello non son as ideais para adherirse a ese tipo de campañas, onde non todos os concellos se adheriron, de feito os concellos mais rurais onde hai menos comercio, como vostede di; sobre todo foi un tema moi dirixido aos comercios.

Nós adherímonos no seu día e así o fixemos no pacto do Consorcio das Mariñas, onde se fixo esa colocación tanto de adhesivos e demais, en diversos establecementos, en diversas entidades.

Esta é unha campaña mais, valoraremos para o ano adherirmos ou non en función de que vexamos a utilidade no noso concello.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor, concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total trece (13) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 23 de novembro de 2017, que transcrita literalmente di:

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

<<Visto o documento completo da Relación de Postos de Traballo presentado pola empresa adxudicataria do servizo, que comprende unha análise da actual situación dos recursos humanos do Concello de Bergondo, unha fixación das necesidades organizativas municipais, coa configuración dunha estrutura organizativa administrativa que persegue unha maior seguridade xurídica, racionalización dos recursos, ordenación dos mesmos, sempre coa finalidade de acadar e garantir o mellor xeito de satisfacer as necesidades municipais e prestacións dos servizos públicos.

Visto que contempla tamén, como esixe reiterada xurisprudencia, unha valoración global e pormenorizada de todos os postos de traballo do Concello de Bergondo, carente anteriormente de tal valoración; e que inclúe a creación de tres novos postos de traballo -o posto de Tesoureiro/a, reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, de creación obrigatoria consonte coa disposición transitoria sétima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración; e dous novos postos que se crean -auxiliar de arquivo e informático-, con base nos novos retos e competencias que o lexislador impón nas Lei 39/2015 e Lei 40/2015, que suporán un cambio radical na nosa administración e que debemos de estar en condicións de prestar aos cidadáns-

Considerando que este documento ten sido aprobado por unanimidade na Mesa Xeral de Negociación, na súa xuntanza de 07.11.2017; informado desfavorablemente por secretaría e intervención; constando informe favorable do responsable de elaboración da RPT, Javier Ferreira Fernández.

Consonte co disposto nos artigos 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; e artigo 22.2.i9 da citada lei de bases, propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Bergondo, nos termos en que consta redactada no expediente administrativo de referencia.

Segundo. Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de vinte días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, para que presenten as reclamacións, suxestións ou alegacións que estimen oportunas.

Terceiro. No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra da Relación do postos de traballo no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto. Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Quinto. Da Relación de postos de traballo definitivamente aprobada deberá remitirse copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días. >>

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como comentabamos o outro día na Comisión informativa, despois de longo tempo, xa que desde que se contratou é certo que pasou mais dun ano, pois se trae a proposta dunha RPT para o Concello de Bergondo, da primeira RPT.

Unha proposta que como se di aquí contempla..., a praza de tesoureiro non é que porqué sexa nova, existe, senón que temos que contemplala coa normativa existente, e unha praza mais de auxiliar administrativo e de informático.

Tamén como se di, indicar que obviamente, senón tampouco se podería traer, non sería tampouco moi lóxico, foi aprobada por unanimidade dos compoñentes da Mesa de Negociación, tanto o delegado sindical, Comité de Empresa, representante dos traballadores, a UXT e a CIG; os sindicatos.

Constan tamén os informes, negativos por parte da Intervención e da Secretaría, xa que ao seu xuízo hai un incremento xeneralizado aínda que non é un incremento no cen por cen, e segundo a súa interpretación..., xa digo, é

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

un informe en contra neste senso. Obviamente co informe favorable en canto a esas prazas de nova creación baseadas sobre todo nas novas Leis da administración electrónica que nos están obrigando a ir un paso mais alá.

En todo caso, o obxectivo da elaboración dunha RPT, tamén como se indica no propio expediente é a reordenación da estrutura organizativa, a descrición das características dos postos de traballo e determinación dos requisitos que se deban cumprir para a ocupación dos mesmos, a funcionarización de determinados postos de traballo, a redución e racionalización da temporalidade laboral, e a racionalización da asignación de complementos retributivos.

Pois todas estas cuestións, entendemos que se conseguen con este documento, onde cando tamén nos permita a lexislación, se terán que ir funcionarizando determinadas prazas, as que aquí tamén se van indicar, e acabar con esa temporalidade que hai tamén na maior parte dos concellos, e que tamén é motivo de informe cada vez que aprobamos os Orzamentos municipais.

Consta tamén o informe da empresa, o seu punto de vista no sentido de que eles consideran que ao ser a primeira RPT que se fai no Concello de Bergondo, a primeira que se leva a aprobación, é certo que no seu día xa houbo un intento e encargouse no seu día a elaboración dunha RPT, dun documento; dada a posibilidade de facelo xa de novo e de poder lograr unha aprobación, estes postos de traballo débense valorar como se fora a primeira vez, e polo tanto hai sentenzas que avalan que sendo unha primeira vez non temos que cumprir realmente as indicacións en canto a esas limitacións que nos impide a Lei.

Eu tamén lles dicía o outro día, é unha RPT viva e terá que sufrir modificacións cando se considere, e adaptacións a diferentes normativas cando sexa necesario.

En canto a unha cuestión que non deixa de ser menos importante, que son os efectos económicos, indicar tamén que non se levaran a cabo mentres non haxa a dotación orzamentaria correspondente, e tamén mentres non estea feita a adscrición aos postos de traballo, unha cuestión que o outro día comentabamos na Comisión informativa, e tamén pola que o organigrama non ven con nomes e apelidos; o outro día cometemos o erro de traer á Comisión un documento da Mesa de traballo que facía mais fácil para nós, para ir organizando, de saber entre todos do que falabamos.

Polo tanto, xa digo, que a pesar do informe en contra que evidentemente existe e tendo tamén a posibilidade, e habendo un informe favorable, nós traemos esta RPT, que consideramos que todo pode ser mellorable, que na aceptación dos empregados municipais goza da maioría, non da unanimidade, e que queda aberto porque ademais así ten que ser; a cuestión de que se vaian presentar alegacións unha vez que sexa aprobado, se é aprobado hoxe e enviado á Boletín da Provincia, co cal se terán que resolver esas alegacións e despois aprobarse xa definitivamente e demais; este sería o primeiro paso.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: vostede definía o que é unha RPT, e eu, segundo o informe de Intervención e Secretaría, digo que é un instrumento técnico a través do que se realiza a ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos, e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. É o principal instrumento organizativo das Entidades Locais segundo o artigo 15.1 da Lei 30/1984 de medidas da reforma da función pública.

Coa RPT, racionalízase e ordena a función pública, e é un instrumento esencial da política de persoal, por incluír ademais a dimensión económica e orzamentaria. Polo tanto, e considerando que desde o ano 2002 vense proxectando esta RPT, e dado o tempo transcorrido, debería de estar como pouco rozando a perfección, pero ao meu xuízo non é así.

Contén erros de redacción, en principio pola falta de concordancia entre as fichas e o cadro resumo, en concreto direille que o responsable de Urbanismo, nivel A1/A2, a ficha so contempla A2, mentres que a relación RPT contempla eses dous niveis, isto lévame a concluír que non é transparente, porque vese claro que está feita para os que están sen ter en conta previsións futuras.

A praza de auxiliar de arquivo, e subliño o de auxiliar de arquivo, nivel C1, cando as demais prazas tanto de auxiliares como de oficiais, teñen nivel C1/C2.

Tampouco é xusta, porque economicamente atenta contra catro funcionarios, funcionarios, si, os de mais antigüidade. Aínda así a verdade é que pouco se pode argumentar, xa que como ben dixoo vostede foi aprobada por unanimidade na Mesa de Negociación.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

Eu o outro día na Comisión preguntáballe pola repercusión económica para o concello, e vostede deume unha cifra, non sei se o recorda, de sesenta ou setenta mil euros de repercusión; pois eu creo que está vostede nun erro, porque a repercusión para o concello desta RPT supera os douscentos tres mil euros, case un dezanove por cento de incremento salarial derivado da RPT, e xa sei que me vai dicir que a culpa é de Montoro polo tesoureiro, pois aínda sen o tesoureiro cento sesenta mil euros que nos vai custar.

E sen prazas novas seguimos a falar dun incremento salarial de cento trinta e tres mil euros, mais dun doce por cento, incluso se contempla algún caso cun incremento salarial de mais dun setenta por cento. Ou sexa, a toda a plantilla, a excepción dos catro funcionarios mais antigos, increméntaselle o salario, lémbrolle, que supoño que o debe de saber, que un funcionario ten a maiores que pasou por un proceso selectivo, que esa é a gran diferenza.

Lembrar tamén que temos informe negativo, tanto de Secretaría como de Intervención, porque a Lei de presupostos non permite este incremento retributivo, e unha RPT contempla supostos de modificación excepcional e singular e non unha modificación que afecta neste caso ao 92,5 por cento dos postos.

En realidade non sei o que non funciona neste concello, porque a contía actual dos salarios, tamén dito por vostede na Comisión, un millón oitocentos trinta mil euros para o ano 2017, case os come o Capítulo de Ingresos por impostos directos, é dicir, xa cos salarios contemplados na RPT comeríase todos os impostos directos, o sexa, o IBI todo o que lle cobramos aos cidadáns, dous millóns aproximadamente de euros para o ano no que realmente aparezan nos presupostos.

Penso por outro lado que a Relación de Postos de Traballo debería contemplar e tamén llo dicía na Comisión, a formación específica en cada posto, pois o mesmo que ocorre cos habilitados nacionais que teñen que ser licenciados en Dereito, sociólogos, etcétera, e así evitaríase que non futuro se puideran facer postos a medida, e que un licenciado en Filoloxía inglesa se puidera presentar á praza de arquitecto, porque tal é como está a RPT o único que se esixe é ser licenciado.

Así mesmo, tamén considero importante e así o fixen constar, incluír na RPT resultante unha columna igual que se fai no Anexo de Persoal, aclarando a situación de cada praza.

En todo caso a miña postura non vai ser decisoria con respecto a este tema, e vostedes adoptaran a decisión que estimen oportuna.

Sra. alcaldesa: o documento é totalmente transparente, e contén todo o que ten que conter, e haberá cuestións que non teñen que ir relacionadas neste documento de RPT, non ten que ir esa columna aclarando esa situación de cada praza nin demais, son cuestións que no momento en que se oferten as prazas así terán que contemplar a titulación e demais de tal forma que non haxa erros.

En ningún momento, porque ademais iso tamén se tería manifestado, se fai unha RPT... porque ademais non o contempla o propio documento, pensando en persoas, senón que é exclusivamente pensando en postos, evidentemente como vostede di hai funcionarios e non funcionarios con mais antigüidade, a antigüidade xa vai reflectida nas nóminas ao día de hoxe, como en calquera traballo, e o mesmo pasa aquí tamén.

En canto ao incremento excepcional e singular, iso xa o dixen eu, efectivamente ese é basicamente o motivo polo que a Secretaría e a Intervención informan negativamente, consideran que un incremento no noventa e dous por cento do persoal non é excepcional e singular, pois esa é unha cantidade, podería ser o quince, o vinte, ou o cincuenta.

E xa digo, perfecta..., no ano 2002 fixemos un intento, neste caso imos dicir que perfecta..., debería ser case ideal pero non obviemos que este contrato é relativamente recente, non estamos falando nin do ano 2002, nin do ano 2011, nin do ano 2015, senón que estamos falando dun contrato que é relativamente recente e polo tanto tampouco imos votar outro tipo de culpas.

Polo tanto, si que nego tallantemente que non sexa transparente, porque en todo caso, xa digo, o que pode haber é un concepto equivocado do que un pensa que debe conter unha RPT.

Sr. voceiro do PP: dende o Partido Popular de Bergondo celebramos que por fin, e unha vez superada a fase de negociacións, se presente un documento consensuado entre os traballadores e o concello. E era necesario, era necesario acabar cunha incerteza coa que estaban a vivir os traballadores, insisto, felicitamos aos traballadores pola consecución deste documento.

E aínda así, e visto o informe de Secretaría e Intervención, paso a ler textualmente, *aínda que é certo que o Concello de Bergondo carece dunha Relación de Postos de Traballo previa e a que se presenta agora e unha RPT "ex novo" nun a exclúe, a xuízo das informantes, dos límites analizados na xurisprudencia e doutrina exposta no punto terceiro*

dos fundamentos xurídicos, de tal xeito que supón unha subida das retribucións complementarias dos postos de traballo que afectan ao 92,5 dos mesmos, polo que é unha subida xeneralizada e global das retribucións do persoal e esta debe interpretarse sempre de forma restritiva, xustificarse en variacións de carácter singular e excepcional acontecidos en determinados e concretos postos de traballo. Tal e como se ten argumentado neste informe, en ningún caso cabe a posibilidade de considerar que poden entrar dentro dos supostos de modificación excepcional e singular unha modificación que afecta a todos ou case todos os postos de traballo, polo que choca frontalmente cos argumentos expostos nos fundamentos de dereito segundo e terceiro deste informe, en orde ao carácter singular e excepcional que poden ter as modificacións retributivas da RPT.

A xustificación encontrase no texto do documento en que supón a elaboración ex novo dunha RPT, pero como xa temos razoado, entendemos que este suposto non poder ser unha excepción á regra xeral.

En canto aos postos de nova creación, agás o de Tesoureiro/a reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional que debe crearse por obriga legal, podería encontrar xustificación, na variación do número de efectivos asinados a cada programa, no sentido de estar diante da creación de novos postos de traballo que provoca a ruptura da homoxeneidade entre a relación de postos de traballo que se presenta e a súa inexistencia anterior, suposto no que poderíamos estar diante dunha circunstancia excepcional e singular. Finalmente procede recordar que conforme establece o artigo 19. Un da Lei de Orzamentos Xerais do Estado, a incorporación de novo persoal público está limitado aos supostos establecidos no citado artigo entre os que poden recollese os dous citados de: auxiliar de arquivo e informático, dentro do apartado persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos, se ben é certo que a expresión "incorporación de novo persoal público" pode estar suxeito a interpretacións, en principio establece unha limitación á creación de novas prazas no ámbito da Administración Local...

Por iso, e na nosa opinión, non se axusta na súa totalidade, é dicir, no que non se cumpren requisitos de excepcionalidade previstos na Lei, xa que se entende que a creación ex novo dunha RPT non pode ser unha excepción á regra xeral, polo que o noso voto vai ser abstención.

Sr. alcaldesa: acaba vostede de ler, e o que eu xa dixen tamén cando fixen a miña intervención, o informe de Secretaría, e eu xa lle dixen que esa era efectivamente a interpretación, e hai outras interpretacións que vostedes tamén supoño que lerían no informe que fixo o equipo redactor do documento da RPT, e cito moi resumido con todo o Tribunal Supremo casou dita sentenza de instancia ao entender que a aprobación dunha RPT nova determina que nexo de homoxeneidade que esixen as leis orzamentarias, non sendo, por tanto, de aplicación a limitación de incremento da masa salarial establecido neles..., entre outras cousas, é dicir, o que eu dicía, entendo que é ex novo; cuestión diferente sería se xa tiveramos unha RPT aprobada.

Sr. voceiro de VB: se lle digo o que penso como sempre botarase a rir, pero hoxe teño ganas de dicirlllo, non para que se bote a rir, senón para que entremos un pouco en consenso.

Sabe a que me sona isto? dende hai mais de doce anos, que eu recorde, porqué moito mais non levo en política, lévase prometendo aos traballadores deste concello que se lles vai recoñecer a súa categoría profesional..., que se van subir os salarios..., que se van recoñecer as actividades que fan..., que se vai facer unha RPT; contratase unha RPT hai xa non se sabe canto tempo que custou creo que trinta mil euros ou algo así, nunca viu a luz, volvese a insistir dende hai moito tempo por parte de todo o mundo que hai que ter unha RPT, e a min isto sóame que o equipo de goberno colleu aos representantes sindicais que están fartos de esperar e lles dixeron, señores miren, esta proposta inicial con nomes e apelidos de onde se senta cada un de vostedes, que foi a que nos deron no Pleno, mais ou menos ímola manter..., iso si, se aprobades a RPT subímosvos o salario a todos os que poidamos; o sindicato o que fai é dicir amén, eu creo que tamén o faría.

Pero fíxese, dígame vostede en que concello un aparelador ten mais responsabilidade que un arquitecto, dígame un. Eu o que lle digo é que non se xustifica porqué postos de traballo coa mesma denominación e categoría e funcións, teñan unha valoración distinta, non se xustifica porqué postos de auxiliar administrativo teñen unha valoración superior a postos de administrativos, se ve que non é certo algo que digo, xa que o di coa cabeza, dígame en que apartado da RPT aparece iso que di vostede que non é así.

Tampouco se xustifica porqué o posto de arquitecto é menos valorado que o posto de arquitecto técnico; no apartado de complementos específicos pásanse de postos altos a postos baixos sen pasar por intermedios, eses empregados administrativos que hai polo medio quedan a cero. Os postos de Secretaría e Intervención, estamos de acordo que

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

teñan especial dispoñibilidade, pero permíteselles conciliar e ademais poden compensar as horas dos plenos, cando teñen que facer un horario de corenta horas semanais sen contraprestación.

O mais indignante é a inacción do Partido Socialista, que grazas a que agora o apertan por fin se trae unha RPT, e hai que recoñecelo así, grazas a que por fin alguén o aperta, non somos nós que quede claro, alguén que o aperta, de tantas promesas aos traballadores, de tanto non te preocupes que.... é que o famoso Montoro é *a leche*, pode con todo o que se pode facer.

Ao final o que se pode comprobar nesta RPT é que o documento inicial que presentan non relacionan postos de traballo, senón que fan referencia a persoas que ocupan con nomes e apelidos, que despois o corruxaron, porque se lles escapou..., si...

Por outro lado, eu non vexo ningunha forma de provisión ao uso, xa lle dixen, eu penso que vostedes colleron a lista de onde se senta cada un, que isto é o que hai aquí na primeira parte que nos deron, lles dixeron aos sindicatos, necesitamos aprobar a RPT que ten moita razón de ter aprobada unha RPT, aprobouse coa inacción súa, grazas a outro Partido que a está apertando e a está obrigando a facer cousas, e grazas a iso todos os representantes sindicais o aprobaron.

O malo de todo isto, señora alcaldesa, é que cando se fai sen ter o amparo total da legalidade corremos o risco de que calquera empregado que presente unha denuncia e gañe isto, todas estas promesas se verán como as de Pinocho, iso é o que pode pasar e vostede o sabe.

Por outro lado, quero insistir que na Comisión informativa aos Grupos políticos non se nos facilitaron os informes de Secretaría e Intervención, houbo que pedilos, non se ría..., a algún dos que foi á Comisión se lles facilitou este documento? houbo que pedilo por Rexistro, é certo.

Creo que vostede, se quere ter unha RPT na que no conxunto do equipo de goberno participe, *lo bueno y lo malo*; e tamén cando se fixo a Mesa de Negociación debeu de ter invitado a algún dos representantes políticos, debeu ter invitado, como se fai en todos os sitios menos en Bergondo.

E vostede presenta unha RPT fóra de prazo, que seguro que non lle meten ningunha penalización por non ter feito a RPT no ano que tiñan contratado, así o poñía o Prego, facer unha RPT para Bergondo por un ano, tardouse mais, non vai haber penalización. Tráenos un documento no que a oposición despois da Comisión temos que andar a pedir a documentación, para saber que é o que opinan os que teñen legislar no nos concello, e aínda por riba di vostede que esta RPT é totalmente transparente e que hai sentenzas, verémolo...

A RPT é moi necesaria neste concello, os traballadores de calquera sitio necesitan ter e saber a quen acudir, dereitos e obrigas, non andar a berros con eles por aí como se fai moitas veces, dereitos e obrigas, para iso se fan as RPT's.

De todos modos insístolle, sóame a que despois de moitas promesas se conseguíu esta RPT por aburrimiento, porque os sindicatos levan esperando esta promesa moito tempo, e grazas a que outro Partido lle está apertando, e vese a diario, a inacción do Partido socialista vese a diario, e eu por unha vez recoñezo o traballo que lle está facendo o seu colega, non se ría.... é certo, vostede nunca tivo ganas de presentar isto, algún problema? é que se está rindo todo o rato, parece que lle minto cada vez que se rí..., eu nada, xa lle dixen bastante, esta RPT non cumpre ca legalidade, calquera que presente unha demanda e a gañe, sairá a nariz de Pinocho, non cumpre a legalidade, e escondeunos o día da Comisión os informes, non nos deu na Comisión os informes, nada mais.

Sra. alcaldesa: interésalle a vostede deixar mal a un dos partidos do equipo de goberno, interesoulle sempre a vostede moitísimo, e supoño que agora lle interesa aínda mais, cando ve que vostede xa non pinta absolutamente nada, pero non pinta nada aquí no Pleno, pero non pinta tampouco nada en canto aos veciños; entón lle interesa dicir que o Partido socialista está facendo o lle mandan, non se preocupe, o Partido socialista sabe cal é o seu posto, e aínda así procuramos levalo moi dignamente, non somos reféns de ninguén., de ninguén.

Polo tanto, mentiras vostede presentou aquí unhas cantas, non se leva doce anos prometendo aos traballadores que se lles vai a recoñecer unha categoría profesional.

Cita vostede cuestións que implican un grado de descoñecemento tal..., e todo isto é por non vir a preguntar ou por non facer as preguntas nos lugares oportunos, e unha vez mais o largamos no pleno porque danos igual, porque total aquí *se aguanta de lo que sea*. A categoría profesional non se vai a recoñecer, é a que teñen xa os propios traballadores ao día de hoxe.

Nos non collemos, non é a nosa costume coller aos representantes sindicais e obrigalos a ter que aprobar nada, senón falen vostedes, é certo que hai momentos de maior tensión, de menos tensión, e ao final chegase a un acordo; un

acordo que eu xa dixen ao principio que entendo que sempre será mellorable e que obviamente terá alegacións porque haberá traballadores con cuestións individuais que as van presentar.

En canto a que na mesma categoría e funcións haxa diferentes valoracións é mentira, repase vostede as fichas e verá que iso é absolutamente mentira, quen llo contou non veu realmente ben o documento, e vostede non o leu, porque está todo perfectamente argumentado, precisamente porque nós sabemos tamén, e o sindicatos o saben, cales son as funcións que fan os traballadores.

Agora non se ría vostede, porque sabe que minte, porque ademais lle interesa mentir, ademais iso é o que mais lle gusta.

Porque ao arquitecto técnico se lle asigna unha responsabilidade, neste caso, cando noutros concellos non se dá, de xefatura de departamento? pois neste caso está perfectamente xustificado, xa que é o único funcionario de carreira que existe no departamento, o resto son interinos; supoño que será unha cuestión que o día de mañá, cando estean xa funcionarizados, obviamente se terá que corrixir. Eu xa dixen dende o principio que a RPT é un documento vivo e que terá que ir cambiando.

Unha vez mais, que se nos apertan e demais, e que todo isto era por culpa de Montoro..., pois si, Montoro tivo moita culpa de moitas cousas, igual das que imos dicir na moción do punto seguinte, e é certo que polo menos agora abriu unha fiestra para poder aprobar unha RPT con incrementos salariais, cuestión que antes non podería terse traído a Pleno, e iso o saben... vostedes o dubido moito, pero si o sabían os representantes dos traballadores.

Que pode haber denuncias? por suposto, hainas a miúdo ou non a miúdo con este tipo de cuestións, xa digo, hai cuestións persoais e independentemente de alegacións pois tamén pode haber, que incluso acaban en contenciosos? pois non o sei, non o quero aventurar, podería ser, tampouco é unha cuestión..., non por iso imos deixar de facer as cousas.

E considera vostede que os dereitos e obrigas que teñen que estar reflectidos nunha RPT? lin antes o que tiña que conter unha RPT, a relación de postos de traballo, e si que é certo que determina polo menos parte das funcións nesas fichas, o demais, os dereitos dos traballadores para iso hai uns convenios, hai un Estatuto dos traballadores, unha Lei de función pública que iso si que é realmente o que o regula.

En canto a esa cuestión que vostede por tres veces comentou de que non é transparente porque non lles dimos os informes, mire, non intente vostede crear esa falsidade na xente, a vostedes sempre, todos os meses, para todos os plenos, se lles mandan as propostas, e calquera outro documento que forma parte do expediente se solicita; polo tanto, se vostedes foron tan inútiles

Sr. voceiro: toda a oposición...

Sra. alcaldesa: eu falo de vostedes..., se foron tan inútiles, e estou falando de vostedes, e non estou falando do Partido Popular nin de a concelleira non adscrita, de non pedir os documentos para poder xa na Comisión informativa traelos estudados, foi o seu problema, e ao mellor foi porque non quixeron estudalos para a Comisión informativa. E como calquera outro asunto que se trae a Pleno o piden vostedes, o piden vostedes efectivamente, e nun tempo razoable se lles conceden e se lles dan eses informes.

Nada mais, polo tanto, non houbo interese algún en esconder absolutamente nada, o que forma parte do expediente, como se di na propia convocatoria....*Convocatoria da Comisión Informativa os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día estarán a súa disposición...* e estaban á súa disposición ese día, pero vostedes non os viñeron a solicitar.

Sr. voceiro: se me permite....

Sra. alcaldesa: que alusión lle fixen?

Sr. voceiro: chamoume mentireiro....

Sra. alcaldesa: despois de que vostede me chamara mentireira a min.

Sr. voceiro: eu non creo..., mire, vólvolle a insistir...

Sra. alcaldesa: as alusións señor concelleiro, conciso....

Sr. voceiro: cando un non ten ganas de que as cousas se fagan ben, se fai o que fai vostede, que é que toda a oposición teñamos que andar a remolque e aquí todos os días pedindo a información para poder validar o que vostede pretende traer aquí, non me faga tonto, porque igualmente que vostede presenta o documento da RPT igualmente pode anexar como noutros procesos os documentos anexos, non obrigar a ter que pedilos, non nos faga tontos...

Sra. alcaldesa: non, chameilles inútiles, señor concelleiro.

Sr. voceiro: non nós faga inútiles, porque precisamente....

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: porqué se vostedes pretenden que lles fagamos o seu traballo de oposición está vostede moi equivocado...

Sr. voceiro: desculpe, déixeme terminar...

Sra. alcaldesa: non, xa rematou, porqué realmente xa está volvendo a insistir no que xa falou, entón mire..., xa lle dixen conciso e se me está dicindo o mesmo e non está argumentando nada novo, pois entón....

Sr. voceiro: e que vostede dime que eu minto, cando lle digo que os postos non son transparentes porqué me acaba de recoñecer que a RPT é un documento vivo, que a RPT ten....

Sra. alcaldesa: por suposto, pero iso non é un recoñecemento de que non sexa transparente.

Sr. voceiro: a RPT que vostede presenta é o mesmo que hai aquí agora mesmo, que viveza ten isto?

Sra. alcaldesa: señor concelleiro, está vostede presentando o documento do organigrama, ese é o que se propón ao día de hoxe; o día de mañá, se vostede chega a gobernar algún día, e quere cambiar o organigrama, está vostede no seu dereito

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: direi algo que é mais que obvio, creo que é obvio que hoxe é un día importante para os traballadores e para as traballadoras de Bergondo, e creo que igualmente é importante porqué así o percibe a maioría deses traballadores e desas traballadoras.

Eu non engadirei nada mais a todo o que xa se leva dito.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións, concelleira non adscrita: un (1) voto en contra. **Total sete (7) votos a favor, un (1) en contra e cinco (5) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

7. MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE A INMEDIATA ACTUACIÓN EN MATERIA DE FACENDAS LOCAIS E FUNCIÓN PÚBLICA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza de 23 de novembro, que transcrita literalmente di:

<<De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Administración local é a máis próxima á cidadanía. As persoas, os seus dereitos e o seu benestar son o centro da nosa actuación. Os socialistas estamos a demostrar que os Concellos poden gobernarse doutra forma, con eficacia e responsabilidade, actuando doutra maneira, sensible, próxima e solidaria. O PSOE aposta por municipios fortes, con capacidade de decisión e con recursos adecuados para dar resposta ás demandas cidadás, entendendo por tanto, que o futuro marco competencial debe cumprimentarse cun sistema de financiamento estable e suficiente.

O Goberno do PP leva anos sometendo ás EELL a un estrito control orzamentario e económico, regulando diferentes aspectos que practicamente deixaron aos concellos sen posibilidades de cumprir o papel que deben desenvolver na mellora dos servizos de benestar, a creación de novo emprego e todos os servizos de proximidade demandados.

E todo iso, ademais, cando a administración local cumpriu con fartura cos seus compromisos de estabilidade orzamentaria e os obxectivos marcados polo Goberno.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

En primeiro lugar, no exercicio 2016, o conxunto das Corporacións Locais rexistrou unha diminución do gasto computable do 1,2%, o que supón o cumprimento da regra de gasto neste exercicio, xa que a taxa de variación permitida é o 1,8%, seguindo ademais a tendencia redutora nos obxectivos fixados para os próximos anos.

En canto ao obxectivo de estabilidade orzamentaria aprobado para as Corporacións Locais, que o ano pasado era alcanzar unha situación de equilibrio, o resultado rexistrado foi un superávit de 6.847 millóns de euros, cifra que representa o 0,61% do PIB, sendo a única administración que non incorreu en déficit. Unido a iso, a utilización do superávit xerado está suxeita a unha serie de requisitos e limitacións obrigando a que se utilice só en investimentos "financeiramente sustentables", o que, ademais de implicar unhas finalidades moi estritas, non permite, de ningunha maneira, investimentos en gasto corrente.

En relación aos obxectivos de débeda pública, o obxectivo en 2016 foi do 3,0% do PIB, alcanzando ao final do exercicio o 2,9% o que supón o cumprimento do obxectivo fixado, unha vez máis. As cifras fixadas para os anos posteriores seguen reducindo o %, sendo esta unha medida claramente discriminatória cara aos Gobernos Locais en relación co Estado e as CCAA, que non teñen un límite parecido a pesar de sumar entre ambos a práctica totalidade da débeda.

Unido a todo o anterior, non podemos obviar a diminución de empregados públicos da administración local, que pasou de 647.488 empregados en xaneiro de 2011 aos 547.825 empregados de xullo de 2016 o que supón unha redución do 15,39%. Isto abocou a unha situación na que as Entidades locais padecen graves dificultades para a prestación dos servizos que obrigatoriamente teñen encomendados, incrementándose o problema nos pequenos e medianos municipios.

Como vemos, a situación das entidades locais esixe que o Goberno se tome en serio as reivindicacións que levan anos expondo: revisión da regra de gasto, destino do superávit, débeda pública e taxa de reposición, para afrontar os problemas aos que cada día teñen que enfrontarse e seguir prestando os servizos públicos necesarios, permitíndolles, ademais, marxe de manobra para elaborar adecuadamente os orzamentos municipais para 2018

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Bergondo, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

- 1.- Revisar e adecuar a regra de gasto ás necesidades dos servizos públicos que prestan os concellos, seguindo as mellores prácticas internacionais e tendo en conta criterios de sustentabilidade das contas públicas ao longo do ciclo.
- 2.- Eliminar os límites impostos polo Goberno aos fins para que as Entidades locais, a condición de que teñan as contas saneadas, e en uso da súa plena autonomía financeira, poidan destinar o superávit que xeren en cada exercicio orzamentario a promover programas e servizos que demanda a cidadanía: políticas sociais, políticas activas de emprego, programas de igualdade, políticas de mocidade, etc.
- 3.- Suprimir as restricións á concertación de operacións de endebedamento por parte das Entidades locais non incursas nos supostos da Lei de Estabilidade.
4. -Modificar a regulación da taxa de reposición dos efectivos na Administración Local de maneira que alcance nos servizos de interese prioritario o 150%, e no resto dos servizos municipais o 100%.

22 de Novembro 2017. Asdo. Fco Javier Santos Maseda. Voceiro do Grupo Municipal Socialista de Bergondo>>

Continúa a Sra. alcaldesa: esta iniciativa foi aprobada xa no Congreso dos Deputados cunha pequena variación, na que se fala de promover a reforma da Lei orgánica de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, que modifique o deseño e aplicación da regra de gasto, seguindo as mellores prácticas internacionais e a interpretación prevalecte da regra no entorno da Unión Europea.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

E xa, hoxe, hai unha reclamación da Federación de municipios, de que realmente de que isto se leve a cabo e que se tomen as medidas oportunas por parte do goberno para modificar a normativa, incluso cara a orzamentos próximos ou polo menos aos próximos suplementos.

O Concello de Bergondo varias veces temos traído estas cuestións, ben con mocións da Federación de municipios ou neste caso a que presenta o Partido socialista, porque é un deses concellos onde si que lle afecta moitísimo estas trabas que si que é certo que se impuxeron dende o Estado e que si que ten a culpa neste caso o goberno.

Eu sempre defendín que en momentos determinados é certo que hai veces que hai que tomar medidas determinadas, pero o que non se pode é xulgar a todos polo mesmo rasero, e os que facemos os deberes e os que temos as contas saneadas, non temos porque pagar os pratos rotos de concellos grandes que están endebedados, de comunidades autónomas que tamén están endebedadas, xa que despois vémonos con que chegamos aquí ao pleno do Concello de Bergondo, e entre outras cousas se nos critica tamén por ter un remanente excesivo; un remanente excesivo que non podemos utilizar no que queiramos, cando o que estamos pedindo realmente é ter esa autonomía financeira, non necesitamos ser tutelados por ningunha outra administración, sexa estatal ou sexa autonómica.

Xa digo, entendemos que algunhas desas medidas se tiñan que levar a cabo naquel momento para concellos determinados, pero ao día de hoxe está claro que hai moitos concellos que estamos pagando eses pratos rotos sen ter porque, nós queremos utilizar o superávit que ten o Concello de Bergondo como mellor consideremos, iso non significa comezar a gastar sen ton ni son, tamén o digo así claramente, nós queremos poder contratar cando sexa necesario ao persoal para cuestións concretas e determinadas, e iso tampouco significa que teña que haber contratacións *a lo loco*, pero si reclamamos esta cuestión e alegrámonos de que hoxe por fin tamén fora aprobada no Congreso e esperemos que o goberno tome xa carta no asunto e comece a aplicalo xa.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: dicir que o Concello de Bergondo tiña superavit antes de houbese limitacións ao gasto, e control de gasto e todo o demais, o goberno malo non é o que lle fixo chegar a vostede a esta situación.

É verdade que é necesario un control, e é verdade que todos os datos que vostede achega de diminución de empregados e demais son medias, medias que se non houbese ese control igual estaríamos todos desatados e endebedados, pero que os gobernos autónomos e todo o demais.

En todo caso, como vostede di que isto xa se aprobou no Congreso, a repercusión de que se aprobe no Concello de Bergondo é practicamente nula, o meu voto vai ser abstención.

Sra. alcaldesa: a pesares de que se teña aprobado no Congreso, xa sei que somos un graño pero está ben. Antes do 2011 si que é certo que o Concello de Bergondo tiña superávit, pero se utilizaba, e se facían os suplementos sen esas restricións que se teñen ao día de hoxe, precisamente esa é a cuestión; e despois se deixaron de facer suplementos, ata que polo menos comezaron a deixar en inversións financeiramente sostibles, si cambiou o conto, precisamente a boa situación financeira de Bergondo non ven nin do ano 2011, nin nada polo estilo, foi tradicionalmente unha boa situación, o que se demanda é poder utilizar, poder facer un bo uso do aforro que se ten xerado.

Sra. concelleira: eu, corríxame se me equivoco, eu so levo aquí dende o ano 2011, pero creo que o Concello de Bergondo tiña remanente no 2008, no 2009, no 2010... e non se utilizaba absolutamente para nada, estaba aí metido nun caixón.

Sra. alcaldesa: pois está vostede equivocada...

Sra. concelleira: pois creo que non, senón que me corrixan os que xa estaban antes...

Sra. alcaldesa: corríxolle eu, que si que estaba antes.... e lle corrixo porque se aprobaban un o dous suplementos por ano con gasto corrente, e xa lle digo, precisamente esa é a cuestión que levamos, por no do ano 2007, no do ano 2004, etcétera, do 1999 para atrás non podó falar.

Sr. voceiro do PP: se ben é certo que nos anos mais duros da crise os concellos foron as únicas administracións que amasaron un certo superávit presupostario que permitiu compensar o xigantesco déficit do conxunto das Administracións públicas, este superávit foi consecuencia do control indirecto dos consistorios por parte do Ministerio de Facenda, que prohibiu a emisión de novas débedas agás autorización expresa do propio ministerio.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

Trala aprobación da Lei de estabilidade presupostaria e financeira, tamén someteu ás Corporación locais á famosa regra de gasto, polo cal que se impide que os desembolso municipal se incremente cada ano a unha taxa superior ao crecemento esperado do PIB para ese ano.

Con independencia de que a fórmula de regra de gasto poida ser mellorada, o que nunca podemos é volver á época do gasto sen freo, aumento do paro e destrución da riqueza, creo que nos debemos de rexer polo principio de eficiencia e buscar o máximo equilibrio para as nosas contas públicas.

Sra. alcaldesa: vostede o verá cando se traia a proposta do Orzamento a pleno, o principio de eficiencia e de prudencia é precisamente un dos principios que mais se aplica nas propostas de orzamento no Concello de Bergondo de sempre, case diría eu, ou polo menos dende o ano 1999.

A regra de gasto é moi mellorable, e eu non digo, e estou de acordo con vostede en que nalgún ano houbo que tomar medidas excepcionais, porque se estaba incrementando unha burbulla que era tremendamente esaxerada, o que se pide é que, unha vez mais, que os concellos que si están facendo ben as cousas que poidan seguir facéndoas ben, o Concello de Bergondo xa tiña tamén superávit antes do ano 2011, e antes de que viñera a regra de gasto e de que viñeran esas restricións, polo tanto..., non todos somos iguais e todos coñecemos casos onde probablemente foi moi necesario un tipo de actuación como a que se tivo que facer.

Sr. voceiro de VB: esta moción xa pouco mais sentido ten, xa tomaron nota os seus maiores, xa están todos de acordo, vostede non fai mais que abroncarnos cando traemos mocións que non se cinguen explicitamente, pero aínda así..., soamente lle quero dicir unha cousa, no ano 1999 cando entrou o Partido socialista, creo que no reconto final, no arqueo, vostedes recibiron cerca de douscentos millóns de pesetas, e de aí foi medrando, fóronse facendo moitas inversións ata o ano 2008, no ano 2008..., ten razón viñan suplementos de crédito, pero no ano 2011 cando veu a norma que nos impedía gastar o remanente como se estaba facendo, pillounos coas mans cheas e os veciños sen ter todos os servizos, nós cos cartos no banco..., entón non sei a que ven iso de que antes se facían..., e que nos pillaron porque non fixemos unha boa xestión, porque aplicaron a norma porque outros concellos non o farían tan ben como aquí, a nós pilláronos coa carteira chea e os veciños cheos de baches, sen rematar o saneamento, sen moitas cousas que se están agora empezando a facer, polo tanto..., nós ímonos abster.

Sra. alcaldesa: no ano 1999 si que é certo que no arqueo, que a estas alturas incluso vostedes deberían distinguir o que é o arqueo e o que é o superávit; había un arqueo positivo, xa dixen que a situación financeira de Bergondo foi sempre moi boa. Nós non presumimos nunca de ter eses superávits, todo o contrario, pensamos que a obriga era de a súa utilización, e por iso se fixeron suplementos, e se fixeron ata o ano 2008 e despois, por moito que vostede queira poñer aí unha barreira....

Sr. voceiro: fixéronse menos....

Sra. alcaldesa: se foron facendo, señor concelleiro..

Sr. voceiro: pero de moita menos contía..

Sra. alcaldesa: estoulle dicindo que non, dependendo do ano e dependendo das necesidades de cada ano, e nese caso xa lle digo, como teño mellor memoria, ou unha memoria que polo menos podo dicilo dunha forma mais fidedigna, non vostede..., e efectivamente no ano 2011, é certo, pois chega unha normativa onde esas prácticas que se levaban a cabo, boas prácticas en moitos concellos, de inversión do superávit e inversión do remanente, pois se tiveron que deixar de facer, non é que nos pillara co banco cheo de cartos e as cousas sen facer, pois non señor concelleiro, porque incluso cos mesmos cartos un podería ter feito mais ou podería ter feito menos, xa digo, a boa xestión foi o que fixo que as contas estiveran saneadas.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: o malo de falar de último sempre é o mesmo, pode acabar parecendo que un copia argumentos, e non é así, nin moito menos.

Para min está clarísimo que tiña que haber instrumentos de control, iso creo que todos o compartimos, porque todos coñecemos exemplos mais próximos ou mais lonxanos de xestións municipais absolutamente escandalosas, exemplos mesmo aberrantes, de mala xestión e de dispendio absoluto dos recursos públicos. Igual que sabemos iso todos, tamén sabemos que moitos concellos, non falo so de Bergondo, moitos concellos fixeron os deberes e souberon estar á altura dunha xestión axeitada desde o punto de vista económico.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

Parece razoable, e creo que todos o veremos razoable, que non se pode aplicar o mesmo..., chamémoslle, permítaseme, réxime disciplinario, para uns concellos que cumpren, que para outros concellos que non cumpren, parece..., para min, obvio.

Agardemos, polo tanto, que a iniciativa que se aprobou hoxe no Congreso dos Deputados, teña aplicación por parte do Goberno do Estado e ese mesmo trato pois coñeza graos de diferenciación, polo menos, en función da xestión e do comportamento, entre comiñas, dos distintos concellos ou as distintas administracións. Creo que o desexable, e agardemos que así sexa.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra, concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor, dous votos (2) en contra e catro (4) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 23 de outubro ao 24 de novembro de 2017, ámbolos dous incluídos, numerados do 996/2017 ao 1114/2017. O Pleno queda enterado.

9. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Non se presentan.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

Seguidamente a Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, da lectura aos rogos e preguntas que presentaron por Rexistro o día 29 de novembro, co núm. de entrada 8391, son as seguintes:

I.- *Llevamos varios plenos preguntando por este tema: ¿qué ocorre con la obra de saneamiento de A Senra? ¿Por qué no continúa su ejecución? ¿Qué medidas está tomando con el contratista? ¿Cuándo prevé que se termine? Existe un socavón con un agujero peligroso en la cuesta casi delante de Abanca que ni siquiera está señalizado donde puede caer una persona o animales. ¿Pueden adoptar las medidas para solucionarlo?.*

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: pois como lles dixemos no Pleno de setembro está en suspenso temporal, e aínda está pendente de resolución. En canto ao tema da focha, tomaremos unhas medidas provisionais porque iso non impide que se teña que solucionar ese tema.

II.- El muro de contención del Río Mayor de Lubre sigue cayéndose ¿Qué medidas han tomado para evitarlo? ¿Qué solución van a dar a este problema? ¿Tienen claro quién es el responsable? ¿Le han requerido para que acometa su reparación?.

Sr. voceiro: algunha resposta teremos que dar aos veciños; ademais sinalíceo correctamente, porque cada día esta comendo mais terreo, e hai unha vivenda ao lado que ademais lle está afectando ao seu propio muro.

Sra. alcaldesa: si, volvémoslle a requirir recentemente outra vez a Augas de Galicia.

Sr. voceiro: pero, so por unha suxestión, é responsabilidade de Augas de Galicia ou do concello? a reparación...

Sra. alcaldesa: nós entendemos que é de Augas de Galicia-

Sr. voceiro: pero isto leva desde o 2014.

III.- La obra de separación de pluviales y fecales en el Polígono Industrial, ¿Qué han avanzado desde que se aprobó la moción? ¿Tienen proyecto y presupuestos?.

Sra. alcaldesa: eu creo que xa lles dixemos nun pleno que xa encargamos unha memoria, non imos encargar un proxecto nunha obra dunha memoria que se nos vai mais aló dos dous millóns e medio de euros.

Sr. voceiro: eu non lle digo que encargue nada, eu dígolle que vai facer, porque no último pleno díxonos que nada.

Sra. alcaldesa: e ao día de hoxe ese é un tema que obviamente sobrepasa moitísimo as capacidades do Concello de Bergondo.

Sr. voceiro: vanse tomar algunhas medidas para con outros organismos...

Sra. alcaldesa: verémolo, de feito xa o trasladamos.

Sr. voceiro: e digo isto porque cada vez que chove, polo río de Lubre baixa de todo menos auga, baixa gasoil, baixa de todo...., como pode comprobar.

IV.- En qué estado se encuentra el Inventario de caminos?.

Sra. alcaldesa: estamos revisando a documentación que se entregou recentemente e proximamente terá que vir a pleno.

Sr. voceiro: non é sen tempo.

V.- La casa de Cortés en Guísamo, ¿Por qué no se limpia? ¿Se ha requerido a sus titulares como al resto de vecinos?.

Sr. voceiro: é unha finca que está no medio de Guísamo, cunha maleza increíble, cunha masa forestal que como haxa un incendio imos ter unha desgraza.

Creo que temos unha ordenanza aprobada na que se lle obriga a todos os propietarios a limpar, sobre todo ese tipo de fincas dentro da poboación, así tamén o recollen varias leis autonómicas. Quero saber porque o concello non fixo nada, porque nos dixo da outra vez que non coñecía ao propietario, para que este dano que temos no centro da poboación mais importante do concello, siga neste estado.

Sra. alcaldesa: sei perfectamente onde está a casa Cortés en Guísamo, a poboación non sei se mais importante de Bergondo ou non, eu non farei dende logo esa afirmación, se vostede o quere facer ala vostede...., dunha poboación importantes, iso si que é claro. Igual que outras fincas noutros espazos, e si está requirido e polo tanto si fixemos.

Sr. voceiro: podemos pedir e ver o informe, para saber dende cando e todo isto....

VI.- ¿En qué estado se encuentran las modificaciones de las Normas Subsidiarias?.

Sra. alcaldesa: pois están solicitadas as autorizacións correspondentes.

Sr. voceiro: ten algunha fecha para que veñan a pleno?

Sra. alcaldesa: todo dependerá desas autorizacións.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

VII.- *Una vez instalados hace meses los semáforos en la Nacional VI, los vecinos y usuarios demandan que se adapten las aceras para su acceso rebajándolas en ambos lados. ¿No han previsto esta obra? ¿Cuándo la van a acometer para que quede definitivamente terminada?.*

Sra. alcaldesa: cando reparemos as beirarrúas en Guísamo, pois faremos esa pequena adecuación.

Sr. voceiro: como ve non somos tan inútiles, que estamos no día a día do concello.

Seguidamente a Sr. voceiro do Partido Popular, da lectura aos rogos e preguntas que presentaron por Rexistro no día de hoxe, 30 de novembro, co núm. de entrada 8406; a Sra. alcaldesa maniféstalle que como xa ocorreu noutros plenos serán contestadas na vindeira sesión; son as seguintes:

-Na carretera AC-I64, en Santa Marta dirección Bergondo instar a Xunta a colocación dun carril de incorporación para coller cara a igrexa de Santa Marta ou cara o camiño que vai a A Longueira.

-En Bergondiño asfaltaron o camiño que vai dende o Convento e quedaron unhas cunetas bastante profundas que supoñen perigo para viandantes e coches.

-Parécenos que chegamos tarde a colocación do alumeado navideño. ¿cando teñen pensado colocalo?

-Instar ao Consorcio a limpar as zonas dos colectores de Cortiñán.

-Reposición dun banco no cemiterio de San Fiz.

-Acera en mal estado en Bergondo, ao lado do restaurante o Panchón.

-En canto as restriccións da auga pola seca, xa se tomou algunha medida, vaise a informar aos veciños?

Sra. alcaldesa: tomamos nota dos rogos e as preguntas contestarémolas no vindeiro pleno.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M.^a Cacharrón Castelos

V. e Pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez